

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 8 DE MARZO DO 2007.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as once horas do día oito de marzo do ano dous mil sete, tivo lugar a sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Luís Alonso Riego, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D. Ignacio D. Saa González.
- D. José Vicente Ferreira.
- Dna. Teresa Cadilla Gonzalez.
- D. Manuel Alberto Franco Peixoto.

- Non asiste: D. José Luis Lomba Álvarez.

Asiste como Secretaria Dna. Julia M<sup>a</sup> Carrasco Glez.- Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACION ACTAS SESIONS ANTERIORES.-  
(08/02/07, 09/02/07, 15/02/07 E 26/02/07)

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 8, 9, 15 e 26 de febreiro ó que responden negativamente tódolos concelleiros presentes en cada unha delas polo que as referidas actas foron aprobadas.

PUNTO 2.- SERVIZOS

Lese o escrito RE 1.416 de data 5 de marzo de 2007, presentado por D. FRANCISCO JOSÉ RODRÍGUEZ DOMÍNGUEZ, con enderezo na rúa Brasil, n<sup>o</sup> 52 de A Guarda, presentando recurso de reposición á resolución da Alcaldía n<sup>o</sup> 46/2007 relativo á rectificación da taxa de lixo do local sito na rúa Brasil, n<sup>o</sup> 52 en base as consideracións expostas no corpo do escrito.

A Xunta de Goberno Local acorda desestimar o recurso posto que a solicitude de rectificación foi presentada no ano 2006 surtindo efectos a partir do ano seguinte.

Visto o escrito presentado por DNA. MARÍA MILAGROS LOMBA GONZÁLEZ, con enderezo na rúa de Circunvalación , nº 45 de A Guarda no que solicita revisión do contador de subministro de auga municipal da súa vivenda, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que, segundo informe do fontaneiro municipal, dito contador funciona correctamente.

Visto o escrito presentado por D. ANTONIO LOMBA CASTRO, con enderezo na rúa de Circunvalación , nº 49-1º de A Guarda no que solicita revisión do contador de subministro de auga municipal da súa vivenda, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que, segundo informe do fontaneiro municipal, dito contador funciona correctamente.

Visto o escrito presentado por DNA. RAMONA GONZÁLEZ VICENTE, con enderezo na rúa de Rosal, nº 25 de A Guarda no que solicita revisión do contador de subministro de auga municipal da súa vivenda, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que, segundo informe do fontaneiro municipal, dito contador funciona correctamente.

Visto o escrito presentado por D. ARTURO MARTINEZ ALONSO, con enderezo na rúa de Largo, nº 6 de A Guarda no que solicita revisión do contador de subministro de auga municipal da súa vivenda, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que, segundo informe do fontaneiro municipal, dito contador funciona correctamente.

### PUNTO 3.- SOLICITUDES

Lese o escrito RE 1.289 de data 26 de febreiro de 2007, presentado por DNA. MARTA CALUCHO CASAS, en representación da empresa GEODI, S.A., con enderezo na Avda. de Aragón, nº 78-Altillo 3 de Fraga en Huesca, solicitando que se lle subministre cartografía do PXOU de A Guarda para realizar estudos de penetración e canalización de gas no municipio.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado a Urbanismo.

Lese o escrito RE 1.324 de data 28 de febreiro de 2007, presentado por D. OSCAR MARTÍNEZ DOMINGUEZ, con endrezo na rúa Manuel Álvarez, nº 20-4ºD de A Guarda, solicitando determinada información sobre as obras de reforma para hotel propiedade de SEVALIAR, S.L.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que as cuestións entre particulares non son competencia do Concello.

Dase conta do escrito RE 1.352 de data 1 de marzo de 2007, presentado por DNA. EVA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, con enderezo no Camiño Pedra do Porto, nº 17 de A Guarda, solicitando unha aclaración respecto dos nomes e números da rúa na que ten o seu domicilio posto que se están dando duplicidades.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se tratará de solucionar o problema renumerando as rúas.

Lese o escrito RE 1.370 de data 1 de marzo de 2007, presentado por ÉRGUETE BAIXO MIÑO, con enderezo na rúa Colón, nº 20 de A Guarda, solicitando que se lles conceda unha axuda económica para o ano 2007 destinada a cambiar as fiestras e proceder ó saneamento e pintado das instalacións.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se tratará de incluír esta axuda nos orzamentos do ano 2007.

Lese o escrito RE 1.362 de data 1 de marzo de 2007, presentado por DNA. MARÍA ELENA BAZ RODRÍGUEZ, con enderezo na rúa Oliva, nº 3 de A Guarda, actuando en representación do Grupo de Baile Moderno Xamaraina, solicitando autorización para a celebración dun festival de baile moderno no auditorio de San Benito para o día 13 de xullo a partir das 20:30 horas. Solicitan tamén un equipo de son.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado dando traslado deste acordo ó Concelleiro de Cultura.

Lese o escrito RE 1.363 de data 1 de marzo de 2007, presentado por DNA. MARÍA ELENA BAZ RODRÍGUEZ, con enderezo na rúa Oliva, nº 3 de A Guarda, actuando en representación do Grupo Xamaraina, solicitando autorización para a celebración dun festival folclórico luso-galaico no auditorio de San Benito para o día 30 de xuño a partir das 20:30 horas. Solicitan tamén un profesional que se ocupe do son.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado dando traslado deste acordo ó Concelleiro de Cultura.

Dase conta do escrito RE 1.387 de data 2 de marzo de 2007, presentado por D. BUENAVENTURA RODRÍGUEZ CASTRO, con enderezo na rúa Costa dos Soldados, nº 14 de A Guarda, solicitando a instalación dun punto de luz no seu lugar de residencia.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se colocará en canto sexa posible.

Lese o escrito RE 1.384 de data 2 de marzo de 2007, presentado por D. SERGIO DOMINGOS PERDIGAO DE MAGALHAES, con enderezo na rúa do Progreso, nº 15-2E de Porriño (C.P. 36400), solicitando que se conceda un posto no mercado da alameda de A Guarda.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que nestes momentos non se poden conceder máis postos e que queda en lista de espera.

Lese o escrito vía fax remitido or Dna. MARÍA DEL CARMEN SOMOZA TORRES, en calidade de Xerente da Fundación para o Desenvolvemento da Comarca do Baixo Miño, con enderezo na rúa Foxo, s/n de Tui, solicitando que se lle conceda a utilización do salón do Centro Cultural de A Guarda o día 24 de maio de 2007 para celebración dun acto no que van a presentar dúas publicacións ós centros de ensino deste municipio.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e dar traslado deste acordo ó Concelleiro de Cultura.

Dase conta do escrito RE 1.505 de data 7 de marzo de 2007, presentado por D. JOSÉ ANTONIO URIS GUIANTES, informando que non puido atopar determinada documentación no arquivo municipal e solicitando que se fagan as xestións oportunas para atopalos.

A Xunta de Goberno Local sinala que se intentará atopar.

Dase conta do escrito RE 1.506 de data 7 de marzo de 2007, presentado por D. JOSÉ ANTONIO URIS GUIANTES, mostrando a súa disconformidade coa actuación do equipo de goberno respecto da situación de abandono do barrio de Ribadavila.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 1.507 de data 7 de marzo de 2007, presentado por D. JOSÉ ANTONIO URIS GUIANTES, mostrando o seu desacordo co xeito de levar a cabo os actos do Irmanamento con Santo Domingo.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

#### PUNTO 4.- OUTROS ACORDOS

Dase conta da proposta da Alcaldía seguinte:

##### *PROPOSTA DA ALCALDÍA*

*Debido á necesidade de adaptar os ingresos derivados do prezo público pola prestación de servizos na piscina municipal ó coste real do servizo estímase necesaria unha modificación do mesmo, incrementando as tarifas actualmente vixentes no IPC.*

*Polo exposto, PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL, órgano competente segundo acordo de delegación do Pleno de data 23 de febreiro de 2001, a aprobación da nova redacción do artigo 4 da Ordenanza do xeito seguinte:*

*Artigo 4.- Contía*

- 1. A contía do prezo público regulado nesta Ordenanza será a fixada na Tarifa contida no apartado seguinte para cada un dos distintos servizo ou actividades.*
- 2. A tarifa deste prezo público será a seguinte:*

##### *PREZOS PISCINA MUNICIPAL*

<i>ABOADO</i>	<i>MES</i>	<i>TRIMESTRE</i>	<i>SEMESTRE</i>	<i>ANO</i>
	<i>Euros</i>	<i>Euros</i>	<i>Euros</i>	<i>Euros</i>
<i>INDIVIDUAL</i>	<i>26,70</i>	<i>69,50</i>	<i>109,60</i>	<i>189,70</i>
<i>FAMILIAR 2</i>	<i>35,85</i>	<i>93,10</i>	<i>150,45</i>	<i>257,35</i>
<i>FAMILIAR 3</i>	<i>39,70</i>	<i>103,05</i>	<i>166,95</i>	<i>289,05</i>
<i>FAMILIAR 4</i>	<i>44,55</i>	<i>115,55</i>	<i>184,65</i>	<i>333,10</i>
<i>FAMILIAR 5</i>	<i>48,20</i>	<i>125,30</i>	<i>207,30</i>	<i>366,35</i>
<i>FAMILIAR 6</i>	<i>52,05</i>	<i>136,85</i>	<i>224,10</i>	<i>396,15</i>
<i>FAMILIAR + 6</i>	<i>57,65</i>	<i>149,80</i>	<i>250,30</i>	<i>449,90</i>

<i>SERVICIOS</i>	<i>DIAS SEMANA</i>	<i>IDADE</i>	<i>COTA ABOADO</i>	<i>COTA NON ABOADO</i>
			<i>Euros</i>	<i>Euros</i>
<i>Monitor natación</i>	<i>1</i>	<i>15anos-</i>		<i>10,80</i>
		<i>15 anos+</i>		<i>15,15</i>
<i>Monitor natación</i>	<i>2</i>	<i>15 anos-</i>	<i>4,90</i>	<i>14,65</i>
		<i>15 anos+</i>	<i>7,80</i>	<i>24,30</i>

<i>Monitor natación</i>	<i>3</i>	<i>15 anos-</i>	<i>9,75</i>	<i>25,15</i>
		<i>15 anos+</i>	<i>15,60</i>	<i>29,20</i>
<i>Monitor natación</i>	<i>5</i>	<i>15 anos-</i>	<i>14,45</i>	<i>38,25</i>
		<i>15 anos+</i>	<i>23,05</i>	<i>53,50</i>
<i>Natación bebes</i>				<i>18,10</i>

<i>BONOS</i>	<i>Euros</i>	
<i>20 entradas adultos</i>	<i>39,80</i>	<i>(caducidade 3 meses)</i>
<i>10 entradas adultos</i>	<i>19,85</i>	<i>(caducidade 3 meses)</i>
<i>20 entradas infantil</i>	<i>19,85</i>	<i>(caducidade 3 meses)</i>
<i>10 entradas infantil</i>	<i>9,95</i>	<i>(caducidade 3 meses)</i>

<i>ENTRADA LIBRE</i>	<i>Euros</i>
<i>Adultos</i>	<i>2,40</i>
<i>Nenos</i>	<i>1,35</i>

#### *ANEXO I: PREZOS PARA OS SOCIOS*

<i>COTA MENSUAL</i>		<i>CURSOS DE NATACIÓN</i>		
<i>INDIVIDUAL</i>			<i>ADULTO</i>	<i>NENO</i>
	<i>22,00 □</i>			
<i>FAMILIAR 2</i>	<i>33,15 □</i>	<i>1 DÍA</i>	<i>5,50 □</i>	<i>4,35 □</i>
<i>FAMILIAR 3</i>	<i>33,15 □</i>	<i>2 DÍAS</i>	<i>11,10 □</i>	<i>8,85 □</i>
<i>FAMILIAR 4</i>	<i>33,15 □</i>	<i>3 DÍAS</i>	<i>16,50 □</i>	<i>13,20 □</i>

*Matrícula: 22,00 □ (tanto individual como familiar) / Esta matrícula págase unha vez, sempre que non se den de baixa mentres permaneza aberta a instalación.*

#### *CURSOS DE NATACIÓN ESCOLAR*

*EN HORARIO LECTIVO: 6,00 □ por neno*

*EN HORARIO EXTRAESCOLAR: 7,15 □ por neno*

#### *ZONA RELAX*

*PREZO PARA OS SOCIOS: GRATIS*  
*PREZO PARA LIBRES: 5,50 €*

*SOLARIUM*

*PREZO PARA OS SOCIOS: 4,35 €*  
*PREZO PARA LIBRES: 6,65 €*

*XIMNASIA E NATACIÓN FUNCIONAL E ACTIVIDADES PARA A SAÚDE*

*Prezo máximo de 5,60 €, tanto para actividades na auga como no ximnasio.*

*MASAXE*

<i>TIPO DE MASAXE</i>	<i>PARCIAL</i>	<i>COMPLETO</i>
<i>PREZO SOCIOS</i>	<i>11,85 €</i>	<i>18,30 €</i>
<i>PREZO LIBRES</i>	<i>16,10 €</i>	<i>22,55 €</i>

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar esta proposta.

Dase conta do escrito RE 1.493 de data 7 de marzo de 2007, presentado por D. GABINO ESTEVEZ LEDO, en calidade de representante do Bar Gabinete, sito na rúa Baiona, nº 7 deste municipio, manifestando que están a subsanar as deficiencias do local requeridas polo Concello e que cando estean todas rematadas se notificará para a súa inspección.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do Convenio de Colaboración entre o Servizo Galego de Promoción de Igualdade do Home e da Muller e o Concello de A Guarda para a prestación do Servizo de Información ás Mulleres e Promoción da Igualdade.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada e acorda suscribir dito convenio.

Dase conta do escrito RE 1.376 de data 1 de marzo de 2007, presentado por CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE – DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL, notificando a substitución do instructor do procedemento relativo ó número de expediente S-P-08/07.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do Convenio marco de colaboración entre a Fundación Laboral da Construcción e a Escola de Oficios “Manuel B. Portela” do Concello de A Guarda para realizar un curso de interpretación de planos cunha duración determinada do 14 de marzo ó 24 de abril de 2007.

A Xunta de Goberno Local acorda asinar dito convenio.

Dase conta das cuotas que deben pagar os usuarios do Servizo de Axuda a Domicilio correspondentes ó mes de febreiro de 2007.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cuotas.

Dase conta do escrito RE 1.308 de data 27 de febreiro de 2007, presentado por CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL, achegando a acta de entrega das obras de “Proxecto de saneamento en Fontequente”.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 1.519 de data 7 de marzo de 2007, remitido pola DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE, solicitando que se lle comunique a resolución adoptada e antecedentes do expediente MA961A 2006/000951-4 sobre ruídos, incumprimento de horarios e actos vandálicos producidos polo funcionamento irregular de dúas discotecas sitas na Estrada de Camposancos.

A Xunta de Goberno Local acorda remitir o expediente.

Dase conta do parte de denuncia interposto ante a Policía Local de A Guarda por DNA. MARÍA JOSEFA VICENTE BAZ, con enderezo na rúa San Caetano, nº 62, solicitando que por parte da Alcaldía de tomen as medidas necesarias respecto da presenza de dous cabalos en sendas casetas no lugar da canteira que existe na rúa Fernández Albor e que son propiedade de D. Armando Verde Andrés debido as molestias que causan.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado ó denunciado, ó propietario do terreo e a Medio Ambiente.

Lese o escrito RE 1.503 de data 7 d marzo de 2007, presentado por DNA. ESTHER FERRÓN PENÍN, con enderezo na rúa de Gran Vía, nº 58 de Vigo, solicitando a devolución do aval depositado para responder das obrigas derivadas das “Obras de urbanización da rúa de nova apertura entre a rúa Os Bechos e rúa Rosalía de Castro”.

A Xunta de Goberno Local, de acordo co informe do aparelador municipal, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 7.979 de data 10 de novembro de 2007, presentado por PROMIÑO LA GUARDIA, S.L., con enderezo na rúa Galicia, nº 22-2º de A Guarda, solicitando a devolución do aval prestado para responder das obrigas derivadas das obras de “Urbanización para construción de novo edificio na rúa Coruña”.

A Xunta de Goberno Local, de acordo co informe do aparelador municipal, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 909 de data 12 de febreiro de 2007, presentado por HIDROMIÑO, S.L., con enderezo na rúa Julio Sesto, nº 64-3, Baixo 2 de O Rosal, solicitando a devolución do aval prestado para responder das obrigas derivadas das obras de “Equipamento de praia do Muiño: pasarela, paneis e limpapraias”.

A Xunta de Goberno Local, de acordo co informe do aparelador municipal, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 910 de data 12 de febreiro de 2007, presentado por HIDROMIÑO, S.L., con enderezo na rúa Julio Sesto, nº 64-3, Baixo 2 de O Rosal, solicitando a devolución do aval prestado para responder das obrigas derivadas das obras de “Canalización subterránea para enerxía eléctrica das rúas Concepción Arenal e Tomiño”.

A Xunta de Goberno Local, de acordo co informe do aparelador municipal, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 236 de data 17 de xaneiro de 2007, presentado por HIDROMIÑO, S.L., con enderezo na rúa Julio Sesto, nº 64-3, Baixo 2 de O Rosal, solicitando a devolución do aval prestado para responder das obrigas derivadas das obras de “Adecuación do entorno da praia da Area Grande- Urbanización Praia Area Grande, Fase II”.

A Xunta de Goberno Local, de acordo co informe do aparelador municipal, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 1.098 de data 17 de febreiro de 2007, presentado por D. CARLOS GALIÑANES, Administrador da empresa SIELVIGO, S.L., con enderezo na Avda. de Florida, nº 157-4ª de Vigo, solicitando a devolución do aval prestado para responder das obrigas derivadas das obras de “Urbanización da estrada C-550 treito A Guarda- A Pasaxe, fase I, Paseo de Portugal,

incluidas no plano Interreg II España-Portugal. Alumeado público e sinalización vertical”

A Xunta de Goberno Local, de acordo co informe do aparellador municipal, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 1.404 de data 2 de marzo de 2007, presentado por D. FRANCISCO GONZÁLEZ LÓPEZ, en representación de PROMOCIONES PARNAIBA, S.L., con enderezo na Avda. da Barca, nº 16-1ºF de Poio, solicitando a devolución do aval prestado para responder das obrigas derivadas das obras de Urbanización dos terreos cedidos polo retranqueo do Edificio sito na rúa A Cal, nº 4.

A Xunta de Goberno Local, de acordo co informe do aparellador municipal, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 1.030 de data 15 de febreiro de 2007, presentado por D. CAMILO FERNÁNDEZ PEREZ – PROMOCIONES O TORROSO, S.L., con enderezo na rúa Costa dos Soldados, Apt. 3 de A Guarda, solciitando a devolución do aval presentado para responder das obrigas derivadas polos posibles desperfectos nas rúas Concepción Arenal e Julian López de A Guarda, polas obras de construción do inmobile sito entre ambas.

A Xunta de Goberno Local, de acordo co informe do aparellador municipal, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 1.413 de data 3 de marzo de 2007, presentado por D. JUAN MANUEL GONZÁLEZ AMORÍN, con enderezo na rúa Alfonso Rodríguez Peniza, nº 2-2º de A Guarda, solicitando a devolución do aval presentado para responder das obrigas derivadas polas obras “Urbanización terreos cedidos por cesión na rúa 2ª Trav. Coruto Vello, nº 40”.

A Xunta de Goberno Local, de acordo co informe do aparellador municipal, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 143 de data 11 de xaneiro de 2007, presentado por MOVEXVIAL, S.L., con enderezo na Estrada de Madrid, nº 150 de Vigo, solicitando a devolución do aval prestado para responder das obrigas derivadas das obras de “Melloras para a urbanización das rúas Pacífico Rodríguez e Dominguez Fontenla (Fase Dominguez Fontenla)”.

A Xunta de Goberno Local, de acordo co informe do aparellador municipal, acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 142 de data 11 de xaneiro de 2007, presentado por MOVEXVIAL, S.L., con enderezo na Estrada de Madrid, nº 150 de Vigo, solicitando a devolución do aval prestado para responder das obrigas derivadas das obras de “Urbanización das rúas Pacífico Rodríguez e Dominguez Fontenla (Fase Dominguez Fontenla)”.

A Xunta de Goberno Local, de acordo co informe do aparelador municipal, acorda acceder ó solicitado.

### PUNTO 5.- SUBVENCIONES

Dase conta das Bases Reguladoras da convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de material de divulgación e información turística para o ano 2007 polo sistema de concorrencia competitiva.

A Xunta de Goberno Local acorda acollerse a dita convocatoria.

Dáse conta das Bases da convocatoria do Patronato de Turismo Rías Baixas para a concesión de bolsas de estudos ou becas para a realización de prácticas en oficinas de turismo da provincia de Pontevedra durante o ano 2007.

A Xunta de Goberno Local acorda acollerse a dita convocatoria.

( Sae o señor Franco Peixoto)

Vista a Orde de 31 de xaneiro de 2007 pola que se establecen as bases que regulan para o exercicio do ano 2007 as axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da Local, universidades e entidades sen ánimo de lucro e se procede a súa convocatoria, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, acorda: SOLICITUDE POR ORDE DE PREFERENCIA

ORDEN	OBRA OU SERVICIO	Nº TRABAJADORES	DURACIÓN
1º	SOCORISMO EN PRAIAS	6 socorristas	3 meses
2º	LIMPEZA PRAIAS	2 Peóns	3 meses

3º	AUXILIAR POLICIA LOCAL	4 axudantes	12 meses
4º	AUXILIARES CONCELLO	1 aux. Adm. centraliña 1 Administrativo secretaria	12 meses
5º	AUXILIAR CENTRO CULTURAL	2 auxiliar administrativo	12 meses
6º	TELECENTRO	1 Técnico informático	12 meses
7º	LIMPEZA VIARIA	2 peóns	12 meses
8º	OFICINA TURISMO	1 técnico turismo	12 meses
TOTAL TRABALLADORES SOLICITADOS: 20			

Vista a Orde de 31 de xaneiro de 2007 pola que se establecen as bases que regulan para o exercicio do ano 2007 as axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da Local, universidades e entidades sen ánimo de lucro e se procede a súa convocatoria, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, acorda:

Aprobar o proxecto de Creación dun Grupo de Intervención Rápida (GRUMIR) composto por 3 capataces e 9 peóns.

Vistas as Bases reguladoras do Programa de Acción Municipal do ano 2007 aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial en sesión celebrada o 9 de febreiro de 2007, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar con cargo a dito programa a seguinte subvención para a actividade deportiva:

Actividades DEPORTIVAS	Custe Total
Multideporte verán-07	2.000

Vistas as Bases reguladoras do Programa de Acción Municipal do ano 2007 aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial en sesión celebrada o 9 de

febreiro de 2007, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar con cargo a dito programa a seguinte subvención para a actividade cultural:

Actividades CULTURAIS	Custe Total
Ciclo contacontos	1.500 □
Certame de marcapáxinas	1.500 □
Títeres Falcatrúa	1.000 □
Letra Galegas 2007	1.335 □

Vista a Orde do 15 de febreiro de 2007 pola que se anuncian medidas de apoio á Policía Local de Galicia, consistentes na cesión en propiedade de vehículos especialmente preparados para o exercicio das súas funcións, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo acorda:

- 1º Solicita-la cesión en propiedade dun turismo para misións da Policía Local, regulada na presente orde, aceptando integramente os seus termos e prescricións.
- 2º Faculta-lo alcalde de A Guarda para acepta-la cesión en propiedade nas condicións establecidas pola consellería e para asina-lo correspondente convenio ou ampliación deste, no caso de resolución favorable da consellería.

Vista a orde de 16 de febreiro de 2007 pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de obras de construción, adaptación, mellora e equipamento das sedes das entidades locais de Galicia, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar ditas axudas para a realización das obras de “Construción nova sala para arquivo municipal” e aceptar as condición de financiamento e demais requisitos establecidos nesta Orde.

Vistas as Bases reguladoras do Programa de Acción Municipal do ano 2007 aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial en sesión celebrada o 9 de febreiro de 2007, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar con cargo a dito programa a seguinte subvención para a actividade cultural :

*“XVII FESTA DA LANGOSTA”*

Subvención solicitada.....6.000 euros.

Vista a Resolución do 1 de marzo de 2007, da Secretaría Xeral de Comunicación, pola que se convocan, para o ano 2007, subvencións ós concellos para dotación de equipamento para prestación do serizo de radiodifusión (FM), de carácter municipal e para a adquisición de equipamento audiovisual e multimedia, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, acorda acollerse á mesma.

#### PUNTO 6.- ASUNTOS TRAIADOS POR CONCELLEIROS

Lese o escrito RE 1.431 de data 5 de marzo de 2007, presentado por GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, solicitando unha medición fiable topográfica do ámbito total da ordenanza 6 e outra da ocupación das parcelas onde están radicadas as instalacións.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado a urbanismo.

Dase conta do escrito RE 1.296 de data 27 de febreiro de 2007, presentado por XAN LOIS LOMBA ALONSO – CONCELLEIRO DO BNG, solicitando o informe de patrimonio sobre as obras de adecentamento das rúas Baixo Muro e Colón.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non hai dito informe porque non se considerou necesario, ademáis no PXOU non se esixe.

Dase conta do escrito RE 1.532 data 8 de marzo de 2007, presentado por INICIATIVA VECIÑAL DO BAIXO MIÑO (IVdoBM), solicitando copia de determinados documentos do rexistro de entrada xunto cos expedientes correspondentes.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e se lle darán cando estean listas.

#### PUNTO 7.- INSTANCIAS DE URBANISMO

Lese o escrito RE 1.432 de data 5 de marzo de 2007, presentado por DNA. MARÍA AVELINA ALONSO VICENTE, con enderezo na rúa Rosalía de Castro, nº 6-baixo, solicitando que, mentras que no sexan contestadas as alegacións presentadas como é preceptivo, en cumprimento do trámite de información pública no que se atopa a modiciación do PERI 5, se absteña de

iniciar ningunha actuación material de execución de resolucións que poidan limitar dereitos dos interesados ou particulares.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que unicamente se lle deu traslado das actuacións que se están a seguir na modificación do PERI nº 5, como interesado que é, para o seu coñecemento, pero as alegacións serán resoltas polo órgano competente.

Lese o escrito RE 1.411 de data 3 de marzo de 2007, presentado por D. EULOGIO P. ABELEIRA CABALEIRO, con enderezo na Avda. de Castelao, nº 51-8ºA de Vigo, solicitando que, mentras que no sexan contestadas as alegacións presentadas como é preceptivo, en cumprimento do trámite de información pública no que se atopa a modificación do PERI 5, se absteña de iniciar ningunha actuación material de execución de resolucións que poidan limitar dereitos dos interesados ou particulares.

A Xunta de Goberno Local acorda A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que unicamente se lle deu traslado das actuacións que se están a seguir na modificación do PERI nº 5, como interesado que é, para o seu coñecemento, pero as alegacións serán resoltas polo órgano competente.

Lese o escrito RE 1.412 de data 3 de marzo de 2007, presentado por D. EULOGIO P. ABELEIRA CABALEIRO, con enderezo na Avda. de Castelao, nº 51-8ºA de Vigo, solicitando que se lle conceda día e hora para examinar o expediente promovido por UNIFAMILIAIRES DE BOUZAS, S.L. para construción de dúas vivendas unifamiliares no lugar de “Tomadas” na parroquia de Camposancos (A Guarda).

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que poderá examinar o expediente o día 30 a abril ás 9 da mañá.

Lese o escrito RE 1.410 de data 3 de marzo de 2007, presentado por D. EULOGIO P. ABELEIRA CABALEIRO, con enderezo na Avda. de Castelao, nº 51-8ºA de Vigo, solicitando que, en relación coa Providencia da Sala do Contencioso Administrativo Sección 2 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia relativo a sentenza de demolición das obras de cosntrucción de 8 vivendas no Complexo Residencial de A Armona, por parte da Alcaldía de realice a inscrición no Rexistro da Propiedade da existencia de dita sentenza.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

( Regresa o señor Franco Peixoto).

Dase conta do escrito RE 1.520 de data 7 de marzo de 2007, remitido por CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE – DELEGACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, notificando o acordo do director xeral de Patrimonio Cultural de informar favorablemente o proxecto reformado do Plan especial de Reforma Interior nº 5 do PXOU de A Guarda.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do informe da Policía Local relativo a realización dunhas fochas no lugar de Rodondiña, nº 15 por parte de D. Manuel Gonzáles Baquero.

A Xunta de Goberno Local acorda incoar expediente de reposición da legalidade e sancionador.

#### PUNTO 8.- OBRAS MENORES

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisalo solicitante ó Concello con antelación suficiente.

A D. ANTONIO PIMENTEL GONZÁLEZ, R.E. Nº. 23 DE DATA 2 DE XANEIRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CORUTO VELLO Nº. 24 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA ACONDICIONAMENTO E ORNAMENTACIÓN DE PATIO CONSISTENTE EN SOLADO DE RECORTES DE PEDRA NUNHA SUPERFICIE DE 110,00 M<sup>2</sup>. E LAREIRA NUNHA SUPERFICIE DE 5,00 M<sup>2</sup>. NA FINCA DA SÚA PROPIEDAD SITA NA RÚA DE CORUTO VELLO Nº. 24, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “SALCIDOS” (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A D. ROBERTO CASTRO FERNÁNDEZ, R.E. Nº. 8.787 DE DATA 13 DE DECEMBRO DE 2006, E CON DOMICILIO NA TRV. ROSA BAHAMONDE Nº. 12-1º B DE TUI-C.P. 36700, PARA PECHE DE FINCA E MURO DE CONTENCIÓN NA FINCA DA SÚA PROPIEDAD SITA NA RÚA DE SETE CAMIÑOS, S/N., EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “TABOLADO-FUNCHIDOS” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

A SIERRA APARTAMENTOS PROMOTORA, S.L., R.E. Nº. 398 DE DATA 24 DE XANEIRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CAMELIAS Nº. 101-3º G DE VIGO-C.P. 36211, PARA CANALIZACIÓN SUBTERRÁNEA PARA SUMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN A EDIFICIO DE VIVENDAS SITO NA RÚA DE CALVARIO, RÚA DE LAXE GRANDE E RÚA DE LARGO, EN SOLO URBANO.

A D<sup>a</sup>. SILVIA VERDE GONZÁLEZ, R.E. Nº. 8.396 DE DATA 27 DE NOVEMBRO DE 2006, E CON DOMICILIO NA RÚA DE LONGRA Nº. 36-1º A DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA REFORMA INTERIOR DA VIVENDA CONSISTENTE NUNHA NOVA DISTRIBUCIÓN INTERIOR, SITA NA RÚA DE LONGRA Nº. 36-1º A, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “SALCIDOS” (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

( Sae o señor Franco Peixoto).

A D. MARCO ABREU PINTO, R.E. Nº. 774 DE DATA 7 DE FEBREIRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE ANDURIÑA Nº. 7-5º A DE VIGO-C.P. 36205, PARA PECHE DE PARCELA FRONTAL CON MURO DE PEDRA NUNHA LONXITUDE DE 6,28 MTS. E PORTAL DE ACCESO A PARCELA E PECHE PERIMETRAL CON MALLA SOLDADA RECERCADA DE TUBO METÁLICO E POSTES INTERMEDIOS GALVANIZADOS NUNHA LONXITUDE DE 28,50 MTS., SITA NA RÚA DE BAIXADA Á ARMONA, S/N., EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “CAMPOSANCOS” (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A D<sup>a</sup>. OFELIA FERNÁNDEZ LOMBA RPRS. POR D<sup>a</sup>. ESMERALDA FERNÁNDEZ LOMBA, R.E. Nº. 798 DE DATA 8 DE FEBREIRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CASTIÑEIRA-O CASTRO Nº. 3 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA PECHE DE PARCELA NUNHA LONXITUDE DE 24,80 MTS. LINEAIS E UNHA ALTURA DE 1,250 MTS. CON BLOQUES DE CEMENTO SOBRE CIMENTACIÓN DE PEDRA EXISTENTE, SITA NA ESTRADA PO-353-A GUARDA-FORNELOS (P.Q. 1,700 Marxe: Esquerda).

A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO “EDIFICIO SITO NA RÚA DE TOMIÑO Nº. 1” RPRS. POR D<sup>a</sup>. RITA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, R.E. Nº. 852 DE DATA 9 DE FEBREIRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE TOMIÑO Nº. 1-1º D DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA CUBRIR A CUBERTA DE FIBROCEMENTO CON TELLA DO PAIS NUNHA SUPERFICIE DE 462,00 M<sup>2</sup>. DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE TOMIÑO Nº. 1, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

## PUNTO 9.- OBRAS MAIORES

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do arquitecto técnico do Concello, acorda acceder ó solicitado polas persoas que se citan, tendo que cumprilo interesado as seguintes condicións:

1.- De conformidade co disposto no decreto 311/93, a vivenda terá que obter deste Concello, trala visita e informe técnico para o respecto, A LICENCIA DE 1ª OCUPACIÓN, requisito indispensable para ocupa-la vivenda; trámite este que se producirá con independencia da presente licencia, e que terá que ser solicitada ó Concello por vía de instancia oficial, facendo constar que a inexistencia da licencia de 1ª ocupación non permitirá a conexión ós servicios de auga, luz, etc., tendo que ser solicitados os citados servicios a través da correspondente instancia ó Concello, e unha vez obtida a licencia de 1ª ocupación.

2.- O titular da presente licencia de obras terá que colocar a pé de obra un cartel indicativo da mesma, de 1,20 x 0,85 mts, co núm. de licencia, data do seu outorgamento, redactor do proxecto e aparelador, así como nome e apelidos do propietario e mailo contratista da obra.

3.- A presente licencia caducará:

- Se transcorresen seis meses sen que as obras fosen iniciadas.
- Se as mesmas non se rematasen no prazo de 3 anos.

Ámbolos dous prazos contaránse a partir do día seguinte á notificación da presente licencia.

4.- Acórdase a aprobación provisional do Imposto de Construcións e Obras e Taxa de Licencia de Obras, segundo a autoliquidación practicada, podendo ser a mesma revisada polo Concello.

5.- As obras teránse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (Condicións das obras en relación coas vías e servicios públicos) e 2.5.14 (valado das obras) recollidas no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

6.- As obras autorizadas só poderán ser realizadas por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

7.- Unha vez iniciadas obras e inmediatamente despois do enrase e formigonado da cimentación, polo propietario ou no seu caso polo contratista, solicitarase do concello a presenza do técnico municipal, para revisa-lo axeitado das obras á licencia concedida, o que se volverá a realizar unha vez executada a cubrición.

8.- A licencia outórgase sen prexuízo de terceiros.

A D. JUAN JOSÉ FERNÁNDEZ SOBRINO E Dª. MARÍA MONTSERRAT GONZÁLEZ GONZÁLEZ, R.E. N.º. 623 DE DATA 1 DE

FEBREIRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE MANUEL ÁLVAREZ Nº. 16 (PORTAL 5-1º E) DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA CONSTRUCCIÓN DE “VIVENDA UNIFAMILIAR” COMPOSTA DE (PLANTA SOTO, PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA), SITA NA RÚA DE BAIXADA Á ARMONA, S/N., EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “CAMPOSANCOS” (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A D. ANTONIO FORMIGO PÉREZ E D<sup>a</sup>. MARÍA CRUZ SANTANA BOULLOSA, R.E. Nº. 354 DE DATA 22 DE XANEIRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE TAMEIGA-RIO Nº. 94 DE MOS-C.P. 36415, PARA CONSTRUCCIÓN DE “VIVENDA UNIFAMILIAR” COMPOSTA DE (PLANTA SOTO E PLANTA BAIXA), SITA NA AVDA. DE SAN LORENZO Nº. 19, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “CIVIDÁNS” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A INVERSIONES INMOBILIARIAS MARVIL, S.A.U., R.E. Nº. 6.519 DE DATA 27 DE SETEMBRO DE 2006, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA A GUARDA-TUI (P.Q. 61,5-FORCADELA) DE TOMIÑO-C.P. 36730, PARA CONSTRUCCIÓN DE “VIVENDA UNIFAMILIAR” COMPOSTA DE (PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA), SITA NA RÚA DE BAIXADA Á ARMONA, S/N., EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “CAMPOSANCOS” (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

*(PARCELA 1).*

A INVERSIONES INMOBILIARIAS MARVIL, S.A.U., R.E. Nº. 6.520 DE DATA 27 DE SETEMBRO DE 2006, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA A GUARDA-TUI (P.Q. 61,5-FORCADELA) DE TOMIÑO-C.P. 36730, PARA CONSTRUCCIÓN DE “VIVENDA UNIFAMILIAR” COMPOSTA DE (PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA), SITA NA RÚA DE BAIXADA Á ARMONA, S/N., EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “CAMPOSANCOS” (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

*(PARCELA 2).*

PUNTO 10.- PROXECTO DE SEGREGACIÓN DE PARCELA, SITA NA RÚA REDONDIÑA, Nº 5.

Pásase a dar conta da solicitude con rexistro de entrada co núm. 6.843 de data 9 de outubro de 2006, a instancia de D. ALEJANDRO SANMARTIN SUAREZ, D<sup>a</sup>. ANTONIA ALONSO MARTÍNEZ e D. JOSÉ BENITO LÓPEZ SOTO e con domicilio na rúa de Cantabria n<sup>o</sup>. 184 de Vigo-C.P. 36205, quen presenta proxecto técnico redactado polo arquitecto D. Ignacio Martínez Rodríguez para “SEGREGACIÓN DE PARCELA”, sita na rúa de Redondiña n<sup>o</sup>. 5.

#### INFORME TÉCNICO 10-10-2006:

D. José Melero Currás como arquitecto municipal do Concello de A Guarda e en relación a petición de licencia para “SEGREGACIÓN DE PARCELA”, sita na rúa de Redondiña n<sup>o</sup>. 5, teño a ben emitilo seguinte INFORME:

##### 1.- DOCUMENTOS:

1.1.- Presentación de proposta a nome de D. Alejandro Sanmartín Suárez, D<sup>a</sup>. Antonia Alonso Martínez e D. José Benito López Soto, para a parcelación de fincas (Visado C.O.A.G.: 26-09-2006) e redactado polo arquitecto D. Ignacio Martínez Rodríguez.

1.2.- Presenta as escrituras da propiedade da parcela.

##### 2.- INFORME TÉCNICO:

2.1.- A finca matriz está incluída dentro da ordenanza n<sup>o</sup>. 7 do P.X.O.U. e se parcela e dúas fincas. Dando como resultado a parcela n<sup>o</sup>. 1 que posúe unha superficie de 603,79 m<sup>2</sup>. e a parcela n<sup>o</sup>. 2 cunha superficie de 837,03 m<sup>2</sup>.

2.2.- A parcela 1 está regulada pola ordenanza n<sup>o</sup>. 7 e ten unha vivenda e un galpón no interior da parcela, estas construcións están en situación de forá de ordenación ó incumprir os retranqueos laterais. Si ben cumpre cos demais parámetros da ordenanza.

2.3.- A parcela n<sup>o</sup>. 2 cumpren coas determinacións do P.X.O.U., parcela mínima, fronte de parcela, alturas, edificabilidade e retranqueos.

2.4.- As cesións para viais que figuran no proxecto deberán ser autorizadas polos servizos técnicos municipais, polo que só teñen carácter informativo.

##### 3.- CONCLUSIÓN:

3.1.- A parcela 1 está en situación de forá de ordenación si ben non supón inconveniente para a obtención da licenza de parcelación. Por todo o expresado anteriormente o informe técnico emitido se considera favorable.

3.2.- A autorización para a parcelación non implica autorización de edificación.

INFORME COMISIÓN DE URBANISMO: 27-02-2007.

Conta con informe favorable.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación aportada polo solicitante, así como o informe realizado polo Arquitecto Técnico Municipal, acorda acceder á segregación de dita parcela nos termos sinalados

PUNTO 11.- PROXECTO DE SEGREGACIÓN E AGRUPACIÓN DE PARCELAS, SITA NA RÚA DE BAIXADA Á ARMONA, S/N.

Pásase a dar conta da solicitude con rexistro de entrada co núm. 8.488 de data 30 de novembro de 2006, a instancia de D. JOSÉ IGNACIO PEÑA CHOCARRO (Arquitecto) en representación de D<sup>a</sup>. CELIA LOMBA GONZÁLEZ E CONSTRUCCIONES IGNACIO E JOSÉ LIMA, S.L. e con domicilio na rúa de Circunvalación n.º. 24-3º de A Guarda-C.P. 36780, quen presenta proxecto técnico redactado polos arquitectos D. José Ignacio Peña Chocarro e D. Ricardo Garcia Ballesteros para “SEGREGACIÓN E AGRUPACIÓN DE PARCELAS”, sita na rúa de Baixada á Armona, s/n.

INFORME TÉCNICO 15-02-2007:

D. José Melero Currás como arquitecto municipal do Concello de A Guarda e en relación a petición de licenza para “SEGREGACIÓN E AGRUPACIÓN DE PARCELAS”, sita na rúa de Baixada á Armona, s/n., teño a ben emitilo seguinte INFORME:

1.- DOCUMENTOS:

1.1.- Presentación de proposta a nome de D<sup>a</sup>. Celia Lomba González e Ignacio e José Lima, S.L., para a parcelación de fincas (Visado C.O.A.G.: 20-11-

2006) e redactado polos arquitectos D. José Ignacio Peña Chocarro e D. Ricardo Garcia Ballesteros.

1.2.- Presenta a escritura pública da propiedade da parcela na que incorpora o terreo da Entidade Local Menor de Camposancos.

## 2.- INFORME TÉCNICO:

2.1.- Segundo a documentación aportada as parcelas posúen rede de saneamento polo que a dimensión da parcela mínima é de 300 m<sup>2</sup>.

2.2.- O proxecto parte inicialmente de catro fincas matrices que dividense en sete para a súa posterior agrupación e segregación dando como resultado as seguintes parcelas, parcela n.º. 1 de 617,04 m<sup>2</sup>., parcela n.º. 2 de 435,18 m<sup>2</sup>. e a parcela n.º. 3 de 644,64 m<sup>2</sup>.

2.3.- As parcelas cumpren cós parámetros sinalados na ordenanza n.º. 7 do P.X.O.U.

2.4.- A circular con R.E. 7.993, enviada pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, indica que para poder autorizar parcelamentos ou segregacións deberá certificarse que a consolidación dos núcleos rurais é superior o 50 % e segundo o informe do aparellador municipal o núcleo de Camposancos si o está.

## 3.- CONCLUSIÓN:

3.1.- A vista de que non existen deficiencias na documentación presentada o informe técnico considerase favorable.

## INFORME COMISIÓN DE URBANISMO: 27-02-2007.

Conta con informe favorable.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación aportada polo solicitante, así como o informe realizado polo Arquitecto Técnico Municipal, acorda acceder á segregación de dita parcela nos termos sinalados

## PUNTO 12.- LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licencia municipal promovida por DNA. MARÍA DE LOS ÁNGELES GARCÍA LÓPEZ (RE 15 de data 2 de xaneiro de 2007), para a apertura dun local dedicado a actividade de COMERCIO MENOR PLANTAS E HERBAS. HERBARIO (Epig. 652.4) situado na rúa Concepción Arenal, nº 77-baixo esquerda.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a DNA. MARÍA DE LOS ÁNGELES GARCÍA LÓPEZ licencia municipal nº 4/2007 para a apertura dun local dedicado a actividade de COMERCIO MENOR PLANTAS E HERBAS. HERBARIO (Epig. 652.4) situado na rúa Concepción Arenal, nº 77-baixo esquerda.

#### PUNTO 13.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licencia municipal promovida por ANCAR, C.B. (R.E. 242 de data 17 de XANEIRO do 2007), para o local dedicado a actividade de VENTA MENOR PRODUCTOS PASTELERÍA (Epig. 644.3) sito na rúa de Concepción Arenal, nº 25-baixo, que antes figuraba a nome de ARACELI COEDO GONZÁLEZ,

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a ANCAR, C.B. cambio de titularidade na licencia municipal que antes figuraba a nome de ARACELI COEDO GONZÁLEZ, para a actividade de VENTA MENOR DE PRODUCTOS DE PASTELERÍA (Epig. 644.3) sito na rúa de Concepción Arenal, nº 25-baixo de A Guarda (VOLOVAN).